



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2024-3

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

18 de Abril de 2024

Lugar

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO**

Hora de Inicio

**09:02**

Hora de Finalización

**09:18**

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

### MEMBROS AUSENTES

DANIEL DE DIOS MANSO

EMILIO FERNANDEZ PARADA

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 07.03.2024 (ACTA 2/2024)

A Sra. Manso Rodríguez (**PP**) en relación coa súa intervención sobre as sinais deterioradas, foi informada de que (contra o esperado) ao concello foille concedida a subvención de sinalización por parte de Turismo. E que aínda que se trata de sinais verticais de benvida, o Sr. Alcalde manifestou que na convocatoria do próximo queda aberto a que se poidan solicitar sinais para os núcleos.

A acta apróbase por unanimidade dos presentes asistentes á sesión de referencia.

### 2º. CONTA XERAL DO PRESUPOSTO 2023

Dase conta de que o asunto foi dictaminado favorablemente e por unanimidade pola Comisión Especial de Contas con data **28.02.2024**; que o documento foi exposto ao público mediante edicto publicado no **BOP** número **45**, do **04.03.2024** e no taboleiro de edictos do Concello, desde o 05.03.2024 ata o 25.03.2024, sen que se producisen reclamacións ou alegacións contra a aprobación do devandito documento; polo que procede, sen máis, a aprobación da conta nos termos nos que se atopa redactada.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por **unanimidade** dos seus **cinco** membros presentes (4 PSdeG-PSOE e 1 PP) dos **sete** que legalmente o forman, **ACORDA**:

Aprobar a conta xeral do orzamento do exercicio **2023**, nos termos nos que se atopa redactada para proceder á rendición regulamentaria ante o Consello de Contas.

### 3º. EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS 5/2024 CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA E POR TRANSFERENCIAS MEDIANTE E ALTAS E BAIAS ENTRE PARTIDAS

Dáse lectura ao expediente núm. **5/2024**, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado nua parte, có remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do orzamento do exercicio **2023**; e noutra, mediante transferencias por baixas ou anulacións de partidas do vixente orzamento.

O Sr. alcalde fai unha explicación das diferentes necesidades a satisfacer có expediente.

Dáse conta de que o expediente tramítase por razóns de necesidade plenamente xustificada, e está axustado aos preceptos legais vixentes.

Non se producen intervencións.

Tralo que, ao ter en conta a Memoria da Alcaldía xustificativa da necesidade de aprobación do expediente de modificación de créditos número **5/2024**, de suplementos de crédito con cargo ao remanente líquido de tesourería e mediante baixas ou anulacións de partidas do vixente orzamento, e polos motivos nela sinalados; o Pleno, por **catro** votos a favor, dos concelleiros presentes do **PSdeG-PSOE**; ningún en contra e **unha** abstencións da concelleira presente do **PP**; (dos sete membros que legalmente o forman, **ACORDA**:

**PRIMEIRO. Aprobar** ademáis, inicialmente o expediente de modificación de créditos **5/2024** a través de créditos extraordinarios e suplemento de créditos **con cargo ao remanente líquido de Tesourería**, nos seguintes termos:

#### SUPLEMENTO DE CREDITO:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
1532.619.03	Pavimentac. estrada vella de Pepín e estrada Ribas-Gondulfes	5.527,01
1532.619.04	Pavimentación en Pepín	20.208,31
1532.619.05	Pavimentación na Rúa da Fonte, en Nocedo do Val	8.658,33
171.609.01	Reforma riego automático piscina municipal	2.299,00
161.619.01	Abastº e saneamento na Travesía do Paseo, en Castrelo do Val	2.350,00
161.619.02	Pluviáis na Rúa da Iglesia en Castrelo do Val	2.467,90
<b>TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO</b>		<b>41.510,55</b>

#### CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
-	--	--
<b>TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS</b>		<b>--</b>





# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

<b>TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMEN. DE CRÉDITO</b>	<b>41.510,55</b>
--	------------------

## PARTIDA DE INGRESOS FINANCIADORA:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
87001	Remanente de Tesourería para gastos xerais	41.510,55
<b>TOTAL</b>		<b>41.510,55</b>

**SEGUNDO. Aprobar** inicialmente o expediente de modificación de créditos **5/2024** a través de suplemento de créditos por transferencias **mediante baixas ou anulacións de partidas do vixente orzamento**, nos seguintes termos:

## (ALTAS) SUPLEMENTO DE CRÉDITOS MEDIANTE TRANSFERENCIAS:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
163.131	Retribucións persoal de empregabilidade	10.000,00
163.16000	Seguridade Social persoal de empregabilidade	5.100,00
1532.619.02	Pavimentación Rúa de Abaixo	14.519,22
<b>TOTAL ALTAS</b>		<b>29.619,22</b>

## (BAIXAS) PARTIDAS DE GASTOS A MINORAR:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
920.12000	Retribucións básicas persoal funcionario	5.100,00
920.22799	Programa de Mocidade	10.000,00
920.632	Conservación de edificios	8.519,22
1532.609	Reposición vías públicas	6.000,00
<b>TOTAL BAIXAS</b>		<b>29.619,22</b>

## RESUMO DO EXPEDIENTE 5/2024

Modificación de créditos con cargo ao <b>REMANENTE</b>	41.510,55
Suplementos de crédito mediante <b>TRANSFERENCIAS</b>	29.619,22
<b>TOTAL</b>	<b>71.129,77</b>

**TERCEIRO. Expoñer ao público** este expediente de modificación de créditos **5/2024** durante o prazo dos seguintes quince días hábiles desde a publicación do correspondente edicto no **Boletín Oficial da Provincia**, a fin de que, polos interesados a que se refire o artigo 151.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, se presenten as alegacións e as reclamacións que consideren pertinentes, só polos motivos que se establecen no apartado segundo do devandito artigo.

Así mesmo, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen as reclamacións contra a aprobación inicial do referido expediente, dita aprobación será definitiva sen necesidade de adoptar novo acordo do Pleno que así o declare e, de seguido, exporase ao público o resultado final da modificación de créditos efectuada e remitirase copia da resolución á administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

